Nadal con corazón

CEL Confederación de Empresarios de Lugo

FEDERACIÓN AA. VV. - LUGO

Obxectivos

Axudar dende as empresas da CEL a familias da provincia de Lugo con dificultades económicas debido á crise derivada da COVID-19 facilitándolles lotes de produtos básicos, fundamentalmente de alimentación.

Que podemos doar?

Produtos en stock de alimentación, hixiene ou limpieza. Se a empresa non dispón deste tipo de produtos en almacén, pode colaborar igualmente coa compra de lotes necesarios non aportados por outras empresas.

Outro xeito de colaborar é realizar unha aportación monetaria no número de conta ES90 3070 0001 2460 6869 3024 especificando no concepto da transferencia "Campaña Nadal con Corazón", a efectuar antes do venres 18 de decembro do 2020. O recadado utilizarase para a compra de produtos de primeira necesidade non dispoñibles nos almacéns da Federación de Asociacións de Veciños de Lugo.

Como facemos a doazón?

A Federación de Asociacións de Veciños de Lugo dispón de infraestruturas para o almacenaxe dos produtos doados, así como de persoal e voluntarios para a súa clasificación e posterior reparto.

Recoméndase o contacto directo coa Federación (nos teléfonos 982 80 16 92 ou 982 20 37 21) antes de efectuar a doazón para determinar o sistema de almacenaxe segundo a tipoloxía de producto, dirección de envío, etcétera. Para calquera dúbida adicional contactar coa CEL no 982 23 11 50.

Procedemento de adxudicación

A Federación de Asociacións de Veciños de Lugo está integrada por unha rede de máis de 300 asociacións veciñais en diferentes pobos, parroquias ou barrios de vilas da provincia de Lugo. A través dela detéctanse as familias vulnerables e distribúense os lotes de produtos.